



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XII lexislatura  
Número 368  
24 de abril de 2026



CSV: BOPGDSPG-jGluW8otL-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# SUMARIO

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

#### Rexeitamento da toma en consideración

##### ■ 35692 (12/PPLC-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica de transferencia de competencias en materia de aeroportos de interese xeral á Comunidade Autónoma de Galicia, para presentar polo Parlamento de Galicia no Congreso dos Deputados

[207364](#)

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Rexeitamento da iniciativa

##### ■ 54056 (12/MOC-000113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre as políticas que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de que a transición enerxética se faga desde unha óptica social e inclusiva (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45650, publicada no BOPG núm. 319f2, do 22 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 24 de marzo de 2026.)

[207364](#)

##### ■ 54100 (12/MOC-000114)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor

Sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50801, publicada no BOPG núm. 341f1, do 26 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 24 de marzo de 2026)

[207364](#)

##### ■ 54113 (12/MOC-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a postura do Goberno galego ante a demanda da actualización da Lei de normalización lingüística de 1983 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 27455, publicada no BOPG núm. 214f2, do 25 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do 24 de marzo de 2026)

[207364](#)



### 1.3.6. Proposicións non de lei

#### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

### Aprobación sen modificacións

#### 37610 (12/PNP-002754)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e trece deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de ratificar o apoio íntegro á Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia da titularidade e competencias da AP-9 e a demanda ao Goberno galego de medidas para facer respectar este acordo [207365](#)

### Aprobación con modificacións

#### 53840 (12/PNP-003585)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e trece deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de seguir impulsando o apoio aos profesionais da produción de leite na nosa comunidade [207366](#)

### Rexeitamento da iniciativa

#### 26009 (12/PNP-003357)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o dereito a unha educación inclusiva en Galicia [207367](#)

#### 52645 (12/PNP-003493)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e tres deputados/as máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co obxecto de mellorar a aplicación e eficiencia do canon da auga e do canon de xestión das depuradoras [207367](#)

#### 53914 (12/PNP-003592)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis

Sobre diversas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos recursos de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista [207367](#)

#### 54152 (12/PNP-003620)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar para consolidar un sistema de atención á saúde mental adecuado ás necesidades da poboación galega [207367](#)



### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### I 18167 (12/PNC-001686)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relativas ao traballo que ha de desenvolver en relación cos déficits infraestruturais en Galicia en materia de telecomunicacións e de conectividade

[207368](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### I 25573 (12/PNC-002365)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e dous deputados/as máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en materia de recursos económicos destinados aos plans de saúde mental

[207368](#)

##### I 53464 (12/PNC-004214)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego ante as eventuais modificacións das previsións macroeconómicas e de planificación orzamentaria derivadas das consecuencias da guerra en Irán

[207369](#)

##### I 54334 (12/PNC-004320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da inclusión dunha ambulancia de soporte vital avanzado para o distrito de Valdeorras no novo concurso de transporte sanitario urxente terrestre

[207369](#)

### 1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

#### 1.3.7.1. Declaracións institucionais

I Declaración institucional do Parlamento de Galicia no Día Internacional do Pobo Xitano

[207369](#)



## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.4. Preguntas

#### 1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

##### Admisión a trámite e publicación

###### I 55543 (12/PDC-000044)

Sobre as previsións do Valedor do Pobo e da Autoridade Galega de Protección do Informante relativas á protección de determinadas persoas denunciante da existencia dun hangar sen autorización sito no lugar da Chaira de Amoroce, en Celanova, e á supervisión da actuación das administracións públicas implicadas nestes feitos [207371](#)

##### Admisión a trámite e publicación

###### I 55650 (12/PDC-000045)

Sobre o funcionamento da Administración de xustiza no concello de Celanova [207371](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

O Pleno do Parlamento, na sesión do 21 de abril de 2026, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento da toma en consideración

- 35692 (12/PPLC-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica de transferencia de competencias en materia de aeroportos de interese xeral á Comunidade Autónoma de Galicia, para presentar polo Parlamento de Galicia no Congreso dos Deputados

BOPG nº 267, do 10.10.2025

Sometida a votación, obtense o resultado de 25 votos a favor, 46 votos en contra e unha abstención, polo que non se toma en consideración.

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Rexeitamento da iniciativa

- 54056 (12/MOC-000113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre as políticas que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de que a transición enerxética se faga desde unha óptica social e inclusiva (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45650, publicada no BOPG núm. 319f2, do 22 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 24 de marzo de 2026.)

BOPG nº 357f1, do 01.04.2026

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Puntos 1 a 6: rexeitados por 33 votos a favor, 38 votos en contra e unha abstención.

Puntos 7: rexeitado por 25 votos a favor, 45 votos en contra e unha abstención.

- 54100 (12/MOC-000114)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor



Sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50801, publicada no BOPG núm. 341f1, do 26 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 24 de marzo de 2026)

BOPG nº 357f1, do 01.04.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 54113 (12/MOC-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a postura do Goberno galego ante a demanda da actualización da Lei de normalización lingüística de 1983 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 27455, publicada no BOPG núm. 214f2, do 25 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do 24 de marzo de 2026)

BOPG nº 357f1, do 01.04.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas**

### **Aprobación sen modificacións**

- 37610 (12/PNP-002754)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e trece deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de ratificar o apoio íntegro á Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia da titularidade e competencias da AP-9 e a demanda ao Goberno galego de medidas para facer respectar este acordo

BOPG nº 276, do 29.10.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución ratificar o seu apoio ao contido íntegro da proposición de lei orgánica de transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da titularidade e competencias da autopista do Atlántico (AP-9), aprobada por unanimidade nesta Cámara e reivindicación plenamente vixente, e insta a Xunta de Galicia a adoptar cantas medidas sexan necesarias para facer respectar este acordo e garantir unha AP-9 plenamente galega, cunha xestión pegada ao territorio e libre de cargas.»



## Aprobación con modificacións

- 53840 (12/PNP-003585)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e trece deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de seguir impulsando o apoio aos profesionais da produción de leite na nosa comunidade

BOPG nº 353f1, do 25.03.2026

Sométese a votación por puntos a autoemenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, documento núm. 55628, co seguinte resultado:

Puntos 1 a 4: aprobados por 46 votos a favor, ningún voto en contra e 23 abstencións.

Puntos 5 e 6: aprobados por 61 votos a favor, 8 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir liderando o plan de apoio aos profesionais da produción de leite na nosa comunidade e, con este obxecto, seguir promovendo medidas de impulso dirixidas a:

1º. Reforzar de forma inmediata os controis sobre os contratos lácteos, garantindo que se cumpra estritamente a Lei da Cadea Alimentaria e que os prezos pagados aos produtores cubran, como mínimo, os custos de produción en todos os elos da cadea, sen permitir en ningún momento a destrución do valor da cadea.

2º. Intensificar as inspeccións sobre a rastrexabilidade e a etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos, co fin de evitar fraudes ou prácticas que poidan inducir a erro ás persoas consumidoras sobre a orixe do produto e, de ser o caso, trasladar ao organismo competente os indicios de incumprimento que se detecten.

3º. Exercer unha defensa firme do sector lácteo galego, promovendo reunións periódicas cos produtores, coas industrias e coa distribución para garantir unhas relacións comerciais equilibradas e que garantan uns niveis adecuados de rendibilidade a todos os elos da cadea.

4º. Promover diante do Goberno de España e das institucións europeas medidas para evitar a competencia desleal derivada da entrada de excedentes lácteos doutros países da Unión Europea que poidan prexudicar o sector galego.

5º. Exixir ao Goberno de España a modificación da Lei da Cadea Alimentaria (Lei 12/2013) para garantir a súa eficacia, en particular:

a) Establecer un sistema estandarizado de cálculo dos custos de produción que sirva de referencia nos contratos lácteos, outorgue transparencia e determine os organismos responsables da súa fixación.



b) Publicar un índice de evolución dos custos de produción do sector produtor de leite de maneira periódica, que sirva de referencia para a formalización dos contratos.

c) Impulsar mecanismos de indexación de prezos para contratos de longa duración, vinculados á evolución dos custos de produción.

6º.-Demandar ao Goberno de España a modificación do Paquete Lácteo (Real decreto 95/2019) para reforzar a súa eficacia, en particular:

a) Que para a presentación dun novo contrato se permita rexeitar ofertas non só pola duración, senón tamén polo prezo, garantindo que o contrato final non sexa inferior ao rexeitado.

b) Estender a obriga de revisar á alza os prezos en casos de venda a perdas continuada a todas as relacións contractuais consecutivas superiores a seis meses.

c) Prorrogar automaticamente os contratos vixentes se non hai acordo no prezo, garantindo a recollida do leite durante o período de tempo de negociación e evitando a perda do leite non recollido.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 26009 (12/PNP-003357)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o dereito a unha educación inclusiva en Galicia

Sométese a votación e resulta rexeitada por 24 votos a favor, 37 en contra e 8 abstencións.

- 52645 (12/PNP-003493)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e tres deputados/as máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co obxecto de mellorar a aplicación e eficiencia do canon da auga e do canon de xestión das depuradoras

BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 37 en contra e 24 abstencións.

- 53914 (12/PNP-003592)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis

Sobre diversas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos recursos de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista

BOPG nº 357f1, do 01.04.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

- 54152 (12/PNP-003620)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia



Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar para consolidar un sistema de atención á saúde mental adecuado ás necesidades da poboación galega  
BOPG nº 360f1, do 10.04.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2026  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

##### **1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 23 de abril de 2026, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 18167 (12/PNC-001686)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relativas ao traballo que ha de desenvolver en relación cos déficits infraestruturais en Galicia en materia de telecomunicacións e de conectividade

BOPG n.º 147f2, do 29.01.2025

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a :

1. Solicitar ao Goberno de España o desenvolvemento dun mapa completo de conectividade real en Galicia; incluídas as principais infraestruturas de comunicación terrestres (autoestradas, autovías e liñas ferroviarias), en colaboración coa Amtega nos ámbitos que sexan da súa competencia.

2. Instar o Goberno de España para que, no marco das súas competencias no ámbito de telecomunicacións, aborde e resolva as deficiencias que se constaten para garantir una conectividade real.»

#### **Rexeitamento da iniciativa**

- 25573 (12/PNC-002365)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e dous deputados/as máis



Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en materia de recursos económicos destinados aos plans de saúde mental

BOPG nº 200f1, do 20.05.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 53464 (12/PNC-004214)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego ante as eventuais modificacións das previsións macroeconómicas e de planificación orzamentaria derivadas das consecuencias da guerra en Irán

BOPG nº 353f1, do 25.03.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 54334 (12/PNC-004320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da inclusión dunha ambulancia de soporte vital avanzado para o distrito de Valdeorras no novo concurso de transporte sanitario urxente terrestre

BOPG nº 360f1, do 10.04.2026

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2026

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

### **1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos**

#### **1.3.7.1. Declaracións institucionais**

#### **Declaración institucional do Parlamento de Galicia no Día Internacional do Pobo Xitano**

O Pleno do Parlamento, na sesión do 21 de abril de 2026, adoptou o seguinte acordo:

Proposta polo Pleno

- (12/DEC-000020)

Pleno do Parlamento

Día Internacional do Pobo Xitano

«Declaración institucional do Parlamento de Galicia no Día Internacional do Pobo Xitano

Celebramos, máis un ano, o 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano. Unha celebración que conmemora o I Congreso Mundial Xitano, celebrado en Londres en 1971, no que se adop-



taron os símbolos propios do Pobo Xitano: a bandeira azul e verde cunha roda vermella, e o himno *Gelem, Gelem*. En España foi en 2018, a pedimento do Congreso dos Deputados, cando tivo lugar o recoñecemento do 8 de abril como Día do Pobo Xitano, así como o uso da bandeira e do himno xitanos.

O Día Internacional do Pobo Xitano, é o momento de reiterarmos o noso compromiso como institución, como sociedade, como país, coa plena igualdade dos xitanos e as xitanas. Igualdade desde o recoñecemento da diversidade e do valor e a riqueza que achega o pobo xitano, que forma parte da nosa historia e a nosa cultura compartidas.

É importante reiterarmos este compromiso tras un ano de homenaxes e celebracións, 2025, declarado Ano do Pobo Xitano con motivo da celebración do 600º aniversario da chegada do pobo xitano á península ibérica. Unha celebración que serviu, sen dúbida, para coñecer mellor o pobo xitano e para lembrar a súa contribución histórica, social e cultural á construción da identidade colectiva do noso país, sen esquecermos un pasado de rexeitamento e discriminación que marcou a historia dos xitanos e as xitanas.

Unha vez finalizado este aniversario, as institucións debemos reiterar o noso compromiso para abordarmos os grandes retos que afectan o pobo xitano, as desigualdades históricas que limitan o progreso, a promoción e a igualdade das persoas xitanas. A pobreza, o fracaso escolar, a desigualdade no emprego, a segregación escolar ou a segregación residencial combátense con vontade política, con políticas públicas e con investimentos adecuados. Debemos ir máis aló das declaracións institucionais e comprometernos a garantir dereitos.

Levamos seiscentos anos de historia compartida e, con todo, o pobo xitano continúa a ser un gran descoñecido para o conxunto da sociedade. E é nese descoñecemento no que se basean os prexuízos, o rexeitamento e a discriminación. Debemos avanzar no coñecemento e no recoñecemento do pobo xitano.

O 8 de abril, unha celebración á que cada vez máis institucións e persoas se suman ano a ano, honramos a memoria do pobo xitano e comprometémonos cunha sociedade xusta, baseada nos dereitos e nas liberdades, nos valores democráticos, na igualdade de oportunidades e na cohesión social, na que non poden quedar fóra os xitanos e as xitanas.

Vivimos nun contexto de dificultades e de incerteza, pero que non pode supoñer un paso atrás nos avances que demos na garantía de dereitos e de oportunidades para o pobo xitano. Esta conmemoración debe traducirse tamén en medidas concretas para reducir a desigualdade, loitar contra a discriminación e o antixitanismo, e avanzar en dereitos, cidadanía e recoñecemento do Pobo Xitano.

É un día de celebración e unha oportunidade para coñecermos mellor o pobo xitano.»

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2026  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente



## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.4. Preguntas

#### 1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de abril de 2026, adoptou os seguintes acordos:

#### Admisión a trámite e publicación

- 55543 (12/PDC-000044)

Sobre as previsións do Valedor do Pobo e da Autoridade Galega de Protección do Informante relativas á protección de determinadas persoas denunciante da existencia dun hangar sen autorización sito no lugar da Chaira de Amoroce, en Celanova, e á supervisión da actuación das administracións públicas implicadas nestes feitos

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e a cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico aberto as 24 horas do día poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2026

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de abril de 2026, adoptou os seguintes acordos:

#### Admisión a trámite e publicación

- 55650 (12/PDC-000045)

Sobre o funcionamento da Administración de xustiza no concello de Celanova

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.



3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico aberto as 24 horas do día poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

